

V CONCURSO

O LUGAR DONDE VIVO

RELATOS POLO TERRITORIO

Partindo de que a literatura é un importante vehículo de expresión, o obxecto da convocatoria é a creación dun espazo de reflexión e creación literaria sobre a beleza do noso territorio e as moitas agresións que está a sufrir o noso país, dende calquera punto de vista, patrimonial, cultural, paisaxístico, perda de identidade, etc. É por iso que ADEGA (Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galiza), co patrocinio da Área de Cultura e Turismo da Deputación Provincial de Lugo, convoca este 5º Concurso de relatos curtos sobre; “O LUGAR DONDE VIVO”, dentro da programación da campaña que está a levar a cabo, “CULTURA E TERRITORIO”

BASES DO CONCURSO

1- TEMÁTICA DOS RELATOS

Os relatos poderán ser historias fantásticas, feitos reais ou experiencias propias sempre e cando o eixe do relato xire en torno ás visións que ten a poboación galega acerca do lugar onde vivimos, cómo é, cómo foi, cómo quixeramos que fose, a importancia da súa conservación, as agresións sufridas polo mesmo... Ofrecemos unha oportunidade para que a través da redacción dun relato curto se manifesten as inquedanzas que teñen os galegos e galegas no tocante ao noso territorio.

2- ÁMBITO TERRITORIAL

Os relatos deberán facer referencia a algún lugar concreto da xeografía de Galiza.

3- PARTICIPANTES/CATEGORÍAS

Poderá participar no concurso calquera persoa que así o desexe. Establécense 2 categorías para o concurso:

Xuvenil; ate os 16 anos inclusive. Adulto; a partir de 17 anos inclusive.

4- OBRAS E FORMA DE PRESENTACIÓN

Cada participante poderá presentar un máximo de dous relatos. Todos os relatos presentados deberán ser orixinais, inéditos e non ter sido gañadores noutro concurso. Os relatos terán unha extensión mínima de 1 folio e un máximo de 6 folios confeccionados a ordenador, a dobre espazo e por unha soa cara (Arial 12), escritos en lingua galega exclusivamente.

Os traballos presentaranse en sobre pechado no cal figurarán o nome do relato e o pseudónimo. No interior do sobre presentarase un exemplar do relato, co título e asinado co pseudónimo igualmente. Xunto co relato, noutro sobre pechado, co mesmo título e pseudónimo no exterior achegaranse os datos persoais do autor (nome e apelidos, enderezo, data de nacemento, teléfono e e-mail).

Os relatos remitiranse por correo postal certificado á Delegación de ADEGA-Lugo, sita en Ronda das Fontiñas, 180 entrecán B 27002 LUGO. A organización non asumirá responsabilidades por danos ou extravíos no seu envío.

Opcionalmente, poderanse entregar en man nas oficinas de ADEGA-Lugo na dirección antedita, de luns a venres en horario de 10:00h. a 14:00h. e 17:00h. a 20:00h.

Poderán presentarse tamén vía correo electrónico (culturaeterritorio@adega.info) en arquivo anexo co título do relato e pseudónimo, e noutro arquivo anexo co pseudónimo constarán os datos persoais do autor. A organización confirmará a chegada dos relatos mediante correo electrónico.

5- DATA LÍMITE DE PRESENTACIÓN

Os relatos poderanse presentar ata o día 15 de setembro de 2015, inclusive.

6- XURADO

O xurado estará composto por 6 integrantes repartidos da seguinte maneira; O Presidente do xurado e un vocal designados por ADEGA, un vocal designado pola Vicepresidencia 1a da Deputación de Lugo, un vocal designado pola Asociación de Escritores en Lingua Galega (AELG), un vocal designado pola Associação Galega da Língua (AGAL), e un vocal designado pola USC, os cales decidirán tendo en conta estas bases, por maioría de votos e de forma inapelábel.

7- VALORACIÓN

A valoración das obras realizarase conforme aos seguintes criterios; calidade do traballo, correspondencia coa temática do concurso e orixinalidade.

8- FALLO

O concurso resolverase dentro dun prazo máximo de 45 días naturais contados dende a data límite de presentación. Organizarase un acto de entrega de premios e divulgación xeral do concurso, cuxa data e lugar será debidamente comunicada aos premiados e sociedade en xeral (entroutros medios a través da páxina web de ADEGA, <http://www.adega.info>).

9- PREMIOS

1º Premio Categoría; Adulto: Diploma e 250€.

1º Premio Categoría; Xuvenil: Diploma e 200€.

Ademais os relatos premiados, así como os mellores seleccionados entre todos aqueles que non obtivesen un premio, serán obxecto de exposición na páxina Web de ADEGA así como noutras posibles exposicións e publicacións.


10- USO DOS RELATOS

O feito de participar no concurso implica a cesión do uso dos relatos presentados a ADEGA, que poderá utilizalos, citando sempre ao seu autor, para a súa publicación, exposición, reprodución ou calquera outro tratamento posterior, sempre sen ánimo de lucro.

11- A PARTICIPACIÓN IMPLICA A TOTAL ACEPTACIÓN DESTAS BASES



organiza



patrocina



PONTE NO MEDIO
MÓVETE POLO TERRITORIO